



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación de padróns fiscais de vaos 2021

ANUNCIO

Aprobación de padróns fiscais vaos 2021

En data 31/03/2021, pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Coristanco, asinouse o Decreto n.º 279/2021 co seguinte contido:

“Visto o padrón municipal da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva da vía pública por aparcamento, carga e descarga de mercancías, para o exercicio de 2021, composta por un total de 28 recibos e por un importe total de CINCOCENTOS TRINTA E OITO EUROS E VINTE CATRO CÉNTIMOS (538,24 euros).

Visto o informe emitido pola Intervención deste Concello sobre os aspectos legais e procedimentais do asunto.

Vistas as miñas facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, do 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

Primeiro.–Aprobar o padrón municipal da “taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva da vía pública por aparcamento, carga e descarga de mercancías” correspondentes ao exercicio 2021 segundo o seguinte desglose:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Vaos 2021	538,24 euros	28

Segundo.–Expoñer ao público o presente acordo e tódolos datos que o padrón aproba, por un período de quince días, no BOP e no no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta publicación, por tratarse de tributos de cobro periódico por recibo servirá de notificación colectiva a todo os contribuíntes, nos temos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro.–O período de cobro do presente padrón en período voluntario será o que se determine por parte da Deputación Provincial da Coruña en atención ao calendario fiscal aprobado a este efecto.

Cuarto.–Notificar o presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que proceda a xestionar o seu cobro e dar conta do mesmo aos servizos económicos do Concello para a súa constancia e efectos.”

E para dar cumprimento ao acordado, asíñase este documento electronicamente para a súa publicación.

Coristanco, 31 de marzo de 2021.

O alcalde

D. Juan Carlos García Pose

2021/2629